

## **POSTURA DA AGAMFEC ANTE OS BAREMOS NAS OPOSICIÓNS E TRASLADOS**

Dende a AGAMFEC (Asociación de Médicos de Familia de Galicia), quen representa ó colectivo de médicos que se especializaron en "MEDICINA DE FAMILIA E COMUNITARIA" (4 anos de formación) e que vela polo seu desenvolto científico, e pola defensa e respecto de dito colectivo, fai público o seu malestar e súa denuncia polas inxustizas cometidas no desenvolto da oposición de médicos levada a cabo entre o ano pasado e este.

Fai público que a AGAMFEC se opuxo ó sistema de baremación negociado polos sindicatos e a consellería na Mesa Sectorial nada máis coñecer a infravaloración, desprezo e inxustiza que se estaba a acometer cos médicos especialistas en MEDICINA DE FAMILIA. Feito que non se tivo en conta pola Consellería de Sanidade (ano 2007) e que nos levou a presentar un recurso no Tribunal Superior de Xustiza Galego, o cal foi desestimado.

As razóns de estar en contra do sistema de baremación son as seguintes:

1ª) Puntúase a formación continuada, onde un expón os cursos e méritos académicos que acadou o longo da súa vida profesional, sobre un máximo de 10,5 puntos. Dan polo feito de posuír a especialidade 7,5 puntos. De forma que aqueles facultativos que non teñan a especialidade podan suplir esta falta con cursos que poden realizar libremente e moitas veces por internet e de dubidosa calidade.

Este feito denigra e insulta os médicos de familia que fan unha especialidade de 4 anos ó igual que calquera outro especialista.

2ª) Non se ten en conta o tempo traballo durante o período de formación MIR, é dicir que si un médico realiza a Especialidade de Medicina de Familia só lle dan os puntos por formación e non como tempo traballado (4 anos que un médico que opte por non especializarse ten a maiores).

Hai moitas sentencias ó respecto:

-Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza Galicia núm. 531/2002 (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1), de 10 abril Xurisdicción: Contencioso-Administrativa.

-Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza Galicia núm. 1329/2002 (Sala do Contencioso-Administrativo)

-Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia: 1068/2003 (Sala do Contencioso-Administrativo)

Todas elas interpostas contra ó SERGAS pola súa discriminación á Medicina de Familia, e todas fallaron en contra do SERGAS.

Hai moitas sentencias do Tribunal Supremo a favor de que "a especialidade ten dúas vertentes: unha formativa e outra laboral".

3ª) Non se computan os cursos que se realizaron durante os anos nos que un médico fai a súa especialidade, ou anteriores, pero sen embargo contan tódolos cursos que realizaron aqueles médicos que non lles esixen ter a Especialidade de Familia.

Todo son dificultades contra os médicos de familia.

As razóns en contra da lóxica (alguén que inverte 4 anos da súa vida en formarse, ten dereito a que se lle recoñeza que non se igualen a uns cantos cursiños) e da Xustiza (múltiples sentencias de Tribunais Superiores a favor de ter en conta os anos traballados e a vez ó feito de ser especialista), non as entendemos, nin queremos especular.

O que nos alarma, é que esta actitude minusvalorativa da Consellería de Sanidade coa Especialidade de Medicina de Familia non só esta centrada nesta oposición nin foi un erro puntual; senón que existen gran cantidade de inxustizas en ámbitos moi dispares. Imos expoñer algúns exemplos:

- Os médicos ó longo da súa vida profesional van adquirindo un grao evolutivo englobado dentro da chamada "Carreira Profesional". Pois ben, se un médico fai 18 anos opta por facer a especialidade, co esforzo e dedicación que iso supón, e outro mesmo médico da súa mesma promoción decide pórse a traballar xa, hoxe, o médico que non fixo a Especialidade ten o grao máximo e o que se formou non, por que non lle contan os anos traballados como MIR.
- Estamos agora inmersos no Concurso de Traslados. Na baremación, novamente, non se computa o tempo traballado como residente; e no mesmo apartado de formación, sobre un máximo de 20 puntos, entran conxuntamente especialidade, tese doutoral, traballos publicados e cursos.

Dende a asociación de Médicos de Familia de Galicia (AGAMFEC) repetímoslle á Consellería de Sanidade con María Xosé Rubio á cabeza e ós sindicatos que repudiamos a súa decisión na convocatoria de oposicións médicas 2006, que estamos tremendamente doídos e que consideramos que foi un ataque, unha trampa premeditada contra o colectivo de médicos de familia.

Recordámoslle que a escaseza de médicos vese agravada con actuacións coma esta, que provocan o desinterese e o rexeitamento lóxico de compañeiros que ante tal discriminación prefiren traballar no sector privado, mutuas, Portugal, etc; e non están os tempos para isto...

Dende AGAMFEC esiximos que estas INXUSTIZAS non se volvan a cometer na próxima convocatoria de oposicións médicas que terá lugar a finais do ano 2008, e anunciamos que empregaremos todas as nosas enerxías en defender os intereses dunha Especialidade digna, necesaria e que se creou para beneficio da poboación en xeral. Levaremos a cabo tantas medidas sexan posibles para impedirlo, xa que nesta convocatoria que xa está a rematar (Ano 2006), ¡non nos queda máis que a resignación ante a INXUSTIZA!

Agosto 2008

Jaime González Rey  
Presidente AGAMFEC

Vital Diéguez Pereira  
Secretario AGAMFEC